

CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE CELEBRAN A ASOCIACIÓN NACIONAL DE UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓNS DE EDUCACIÓN SUPERIOR DA REPÚBLICA MEXICANA, A.C, A QUEN NO SUCE SIVO SE LLE DENOMINARÁ “A ANUIES” REPRESENTADA POLO SECRETARIO XERAL EXECUTIVO, MTRO. JAIME VALLAS ESPONDA, E O SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, INTEGRADO POLAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA, VIGO E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, NO SUCE SIVO “O SUG”, REPRESENTADO POR ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

(segundo modelo Anexo á Circular número 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro secretario xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou coa Asociación Nacional de Universidades e Instituciones de Educación Superior de la República Mexicana A.C o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de tres anos dende a data da súa sinatura (23/11/ 2017).

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre “LAS PARTES” para realizar de maneira conxunta actividades académicas, científicas e culturais en temas de interese común.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Corresponde á Xunta de Galicia e ás Universidades que compoñen o Sistema Universitario de Galicia o desenvolvemento e pulo deste no marco de espazo español e europeo de ensinanza superior.

As Universidades do Sistema Universitario de Galicia teñen como fins fundamentais os seguintes:

- A creación, transmisión e difusión da cultura e dos coñecementos científicos, humanísticos, técnicos, artísticos e profesionais, así como a preparación para o exercicio profesional.



- O fomento do pensamento crítico e dos valores superiores da liberdade, da xustiza, da igualdade e do pluralismo político, así como a transmisión dos valores cívicos e sociais dunha sociedade plural e democrática.
- O enriquecemento do patrimonio intelectual, cultural, científico e tecnolóxico de Galicia e a súa proxección sobre o desenvolvemento económico e benestar social.
- A normalización do uso da lingua galega en todos os ámbitos do coñecemento e nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de decembro de 2017.

(asinado dixitalmente)

